

## XEOGRAFÍA (2º BACH)

2024/25

### Cronograma de contidos previstos a tratar por avaliación

#### 1ª AVALIACIÓN (setembro-novembro)

0. Introducción ao coñecemento xeográfico (**libro, pp. 16-30**).

*Bloque 2. A sustentabilidade do medio físico de España.*

1. O espazo xeográfico. A paisaxe, técnicas gráficas e cartográficas, xeoposicionamento e dispositivos móbiles. A diversidade física: o Relevo. Riscos para o seu humano (**Libro UD 1. O espazo xeográfico español. A diversidade xeomorfolóxica, pp. 30-66**).
2. A diversidade climática de Galicia e España (**Libro UD 2. A diversidade climática, pp. 66-99**)
3. A diversidade hídrica e bioxeográfica en Galicia e España (**Libro UD 3. A diversidade hídrica, vexetal e edáfica, pp. 100-135**).
4. As paisaxes naturais: a ligazón natureza-ser humano (**Libro UD 4. As paisaxes naturais e a acción humana sobre o medio natural, pp. 136-163**).

*Bloque 4. España: a ordenación do territorio no enfoque socioeconómico.*

5. O espazo rural e o sector primario (**Libro UD. 5. Os espazos do sector primario, pp. 164-200**).

#### 2ª AVALIACIÓN (decembro-febreiro)

*Bloque 4. España: a ordenación do territorio no enfoque socioeconómico*

5. O espazo rural e o sector primario: os espazos da actividade pesqueira (**Libro UD. 5. Os espazos do sector primario, pp. 201-217**).
6. Os espazos industriais e o sector secundario (**Libro UD 6. O espazo industrial, pp. 218-269**).
7. Os espazos terciarizados (**Libro UD 7. Os espazos do sector terciario, pp. 270-317**).

*Bloque 3: España: a ordenación do territorio no enfoque ecosocial.*

8. Urbanismo: concepto de cidade, o espazo urbano na Península Ibérica (**Libro UD 9. O espazo urbano, pp. 370-417**).

### **3ª AVALIACIÓN (marzo-maio):**

*Bloque 3: España: a ordenación do territorio no enfoque ecosocial.*

9. Demografía: a poboación española e galega. (**Libro UD. 8. A poboación español, pp. 318-369**).

*Bloque 1. España, Europa e a globalización.*

10. España e Galicia: situación xeográfica en Europa, estrutura territorial, contrastes, políticas rexionais, etc. (**Libro UD. 11. España en Europa, pp. 444-477**).
11. España e Galicia no mundo (**Libro UD. 12. España no mundo, pp. 478-497**).
12. A organización territorial de España: o Estados das Autonomías de 1978 e a Comunidade Autónoma de Galicia. Desequilibrios e contrastes territoriais (**Libro UD 10. A organización, os desequilibrios e as políticas territoriais, pp. 418-443**).

#### **Criterios de cualificación, avaliación e recuperación**

*Criterios de cualificación*

- 60%: Media aritmética de DÚAS probas escritas e de igual valor cualificativo, á par de semellantes, en estrutura e forma, ao modelo previsto da PAU da materia de Xeografía, aínda que de menor duración a primeira de cada trimestre.
- 30%: Tarefas e actividades a desenvolver, ben na aula, ben en casa, vencelladas cos contidos estipulados en cada trimestre (climograma, hidrogramas, paisaxes naturais, pirámides de poboación, paisaxes agrarias, industriais, etc.).
- 10%: Construción grupal de temas sobre os bloques de contido.

*Criterios de avaliación e recuperación*

A nota do trimestre será a suma dos resultados obtidos en cada un dos instrumentos de avaliación, así como a nota final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións ordinarias.

A cualificación a reflectir nos expedientes do alumnado será en números enteiros, polo que, no suposto de existiren decimais nas notas primixenias, aquelas cualificacións que teñan un 5 ou máis como decimal, serán redondeadas cara arriba. No seu oposto, serán redondeadas cara abaixo.

Porén, o alumnado que non acade o 4,7 como nota media global de cada trimestre, non terá superada a materia trimestral.

No suposto dese último caso, o alumno ou alumna terá que realizar unha proba escrita, ao inicio do seguinte trimestre dos contidos suspensos, sendo o valor da mesma do 100% da nota. Porén, aquel alumnado que si aprobara o trimestre, mais que queira voluntariamente subir nota poderá realizar o exame, o cal terá o valor do 60% estipulado nos criterios xerais. Se a nota resultante é inferior á media obtida na porcentaxe orixinal, manterase a primixenia.

Doutra banda, o alumnado que, trala realización das recuperacións trimestrais, suspenda máis dunha avaliación, terá que realizar directamente o exame final da materia, o cal suporá o 100% da nota; así como aquel alumnado que, coa media das tres avaliacións ordinarias, non chegue ao 5 na nota final global.

Finalmente, aquel alumnado que sexa observado copiando nalgunhas das probas escritas ordinarias, das recuperacións e/ou do exame final, terá un 0 nesa proba.

### **Modelo xeral de exame**

As probas escritas a realizar por cada avaliación terán a mesma estrutura. Atendendo á organización do curso nas dúas primeiras avaliacións, o primeiro parcial terá unha duración de 50' e o segundo de 90' (este último tempo será o que dispoñades para realizar a proba única da avaliación final). As faltas ortográficas, ben formais, ben de falta de cohesión e coherencia, restarán até un máximo de 1 PUNTO na nota da proba.

Ao igual que na Proba de Acceso á Universidade, cada un dos exames constará de 4 preguntas obrigatorias de 2,5 puntos cada unha delas: a primeira de resposta única e as tres seguintes con posibilidade de elección entre apartados.

*Estructura das probas escritas:*

- **Pregunta 1:** Análise dun texto xeográfico mediante a elaboración dunha resposta argumentada e fundamentada en contidos teóricos (**2,5 puntos**).
- **Preguntas 2 e 3:** Realización de 1 dos 2 apartados que figuran en cada cuestión práctica e que se vinculan a un documento xeográfico (imaxe, mapa, gráfica, etc.) (**2,5 puntos por pregunta**).
- **Pregunta 4:** Definir 5 dos 10 conceptos destacados nun texto, xustificando a súa elección e aportando un exemplo (**0,5 puntos por concepto**).

*Datas aproximadas das avaliacións e dos exames:*

- 1ª AV: 11/09 a 21/11 (AV: 28/11)
- 2ª AV: 28/11 a 20/02 (AV: 27/02)
- 3ª AV: 06/03 a 08/05 (AV: 15/05)
- Parciais:
  - Primeiro parcial á metade de cada trimestre (50’):
    - 1ª AV: 15/10
    - 2ª AV: 21/01
    - 3ª AV: 08/04
  - Segundo parcial na semana prevista de exames para cada trimestre (90’):
    - 1ª AV: 21/11 a 26/11
    - 2ª AV: 20/02 a 24/02
    - 3ª AV: 08/05 a 13/05
  - Recuperación 1ª AV: 10/12
  - Recuperación 2ª AV: 11/03
  - Recuperación ordinaria: 08/05 a 13/05

*Libro de texto:*

- Muñoz-Delgado, Mª Concepción, Xeografía. 2 Bacharelato, Anaya, Madrid, 2023